

CIRCULAR 49-2016

- A todas as Delegacións (*)

- Aos clubs e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

**SOLICITUDE DE PRAZAS PARA O
CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA.
CURSO ACADÉMICO 2016/17**

Todos aqueles atletas interesados en optar a unha praza para o **Centro Galego de Tecnificación Deportiva** na vindeira tempada 2016/17 deberán presentar o modelo de solicitude que se adxunta neste documento xunto ao seu currículo deportivo antes do día **10 de xuño** na Federación Galega de Atletismo.

Lembramos que tódolos atletas que fosen finalmente admitidos deberán seguir vinculados ao longo de dous anos co club de orixe, salvo acordo mutuo entre o atleta e o club.

A FGA, unha vez recibidas tódalas solicitudes emitirá unha proposta á Dirección do CGTD.

Requisitos

Á espera que se publique oficialmente a convocatoria de prazas para a vindeira tempada 2016/17 incorporamos nas seguintes liñas as modalidades de prazas ofertadas no curso 2015/16 co fin de informar, de forma xeral, aos posibles interesados acerca dos perfís de praza que convocou o Centro Galego de Tecnificación Deportiva na pasada tempada:

TIPOS DE PRAZA:

4.1. Para o grupo de Tecnificación: deportistas que fagan 15, 16, 17 ou 18 anos no 2017 (nados nos anos 2002, 2001, 2000 e 1999).

Praza de Residente: residentes fóra do Concello de Pontevedra ou concellos próximos.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, aloxamento e manutención completa na residencia, servizo de lavandería, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e tutoría.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Praza de Externo 1: residentes no Concello de Pontevedra ou concellos próximos.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, xantar no comedor da residencia, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e tutoría.

4.2. ***Para o grupo de Rendemento:*** deportistas que fagan de 19 a 25 anos no 2017

Praza de Externo 2: para deportistas participantes no Cto. do Mundo ou de Europa.

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Praza de Externo 3: para deportistas que residan fóra do seu entorno familiar e acrediten resultados deportivos de alto nivel no Cto. de España.

Beneficios da praza: incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Residente maior 18 anos: para deportistas que remataron a súa bolsa como integrantes do grupo de tecnificación (residentes e externo 1), que estean incluídos nalgúns dos programas de axuda ao deportista olímpico/paralímpico, deportistas que, sen ter sido bolseiros do grupo de tecnificación previamente, estean incluídos nalgúns dos programas de axuda ao deportista olímpico/paralímpico ou deportistas que formasen parte da selección española durante os dous últimos anos.

4.3. ***Outro tipo de praza:***

Élite: para deportistas con participación nos últimos XXOO, Xogos Paralímpicos, Ctos. do Mundo ou de Europa de categoría absoluta, e/ou que fose convocado pola selección nacional no ano 2016.

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

OUTROS DATOS DE INTERESE

- Poderán concorrer a esta convocatoria tódolos/as deportistas que reúnan os requisitos establecidos nas bases que se publicarán e que pertencen a algunha das federacións deportivas galegas con autorización vixente para desenvolver-lo seu programa de tecnificación deportiva nas instalacións do centro.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



- A Secretaría Xeral para o Deporte reservase a posibilidade de cubrir ou non a totalidade das prazas ofertadas, en función do grao de cumprimento dos requisitos propostos para cada perfil.
- Unha comisión fará unha valoración das solicitudes presentadas en relación a tres aspectos fundamentais: deportivo, académico e socio-económico.

RESPONSABLE DA F.G.A. DO PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN 2016/17

Dña. M^a. Dolores Pedrares Alonso



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



MODELO SOLICITUDE (CUBRIR CON LETRA MAIÚSCULA)

APELIDOS	
NOME	
DATA NACEMENTO	/ / LUGAR NACTO:
DNI	
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
PROVINCIA	
CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	FIXO: MÓBIL:
EMAIL	
IDADE ACTUAL	
Nome e apelidos do adestrador actual	
Club actual do atleta	
Estudios feitos no curso 2015/16	
Estudios a facer no curso 2016/17	
Modalidade atlética practicada	
Mellores marcas realizadas na tempada 2015/16	
Tipo de praza (Sinalar según convocatorias anteriores)	
PARA FORMALIZAR A SUA SOLICITUDE DEBE REMITIR POR CORREO ORDINARIO OS SEGUINTES DATOS ANTES DO 1 DE XUÑO:	
<ul style="list-style-type: none">☞ Curriculum deportivo tempada 2015/16☞ Expediente académico curso 2015/16☞ Informe da situación socio-económica e interese en acudir ao CGTD☞ Informe do adestrador (especificando tempo que leva adestrando, horas semanais)	



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



adicadas ó adestramento, condicións... e outra información que sexa relevante

A At. Víctor Arufe

Federación Galega de Atletismo

Avda de Glasgow, 13 Complexo Deportivo de Elviña - 15008 A Coruña

Fax: 981292056

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)
A Coruña, a 24 de Maio de 2016